




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Vigo. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío.
Extensión: 0,76 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de costa mixta con alternancia de tramos acantilados en xeral de escasa potencia e enclaves sedimentarios formados por pequenas praias de area. A vertente, disecada por valgadas pouco significativas, presenta unha pendente moderada de perfil regular (mesmo case plano no extremo sudoccidental) que culmina na elevación granítica do Outeiro Negro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Os materiais máis antigos desta unidade sitúanse ao redor da Punta dos Patos. Trátase de granitoides de afinidade calcoalcalina en serie precoz, concretamente de granodioritas con megacristais feldespáticos que, cara ao extremo sueste, na praia das Moscas, presenta zonas de recubrimento de rochas metamórficas pertencentes ao Complexo de Cabo Home - A Lanzada. Cara ao interior e nos flancos occidental e oriental da unidade, o dominio litolóxico corresponde aos granitos de feldespato alcalino, sen que se observen áreas destacables de depósitos cuaternarios na zona.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente de réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual superior a 15° C e oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións medias sitúanse no rango de 1200 mm a 1400 mm ao ano.

OS SOLOS

A metade occidental da unidade está formada por solos máis profundos e fértiles do tipo cambisol dístico-úmbrico xa que a vertente presenta un perfil uniforme e de pendente moderada que permite un maior desenvolvemento dos horizontes. Na cabeceira e extremo oriental da vertente fórmanse regosoles e leptosoles líticos máis relacionados coas pendentes acusadas. Por outra banda, na franxa costeira deste sector obsérvanse algúns enclaves de arenosoles vinculados cos depósitos sedimentarios.


AS AUGAS

A unidade forma un promontorio nas Augas Costeiras de Cangas (20157), e na que o maior curso fluvial é un pequeno arroyo que se dirixe, ladeira abaixo, á praia das Moscas. O resto da rede hidrográfica está conformado por unha serie de pequenos arroyos temporais.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas. Unidade de dominio acantilado baixo, con pequenas praias de peto. Encontramos así o hábitat 1230, de cantís mariños atlánticos e o 1210, de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Ao interior, repoboacións forestais, cultivos e construcións, limitan bastante os hábitats de matogueira seca que, degradados, deberían representar os hábitats 4030, breixeiras secas europeas e 4040, breixeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans. Os sectores de Rabelio e Bouceiro, extremos da unidade, son as áreas que os presentan. Non existe arboredo de interese, podendo só anotar algunha pequena agrupación de recolonización en Rabelio.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO



MORFOLOXÍA

Sobre unha estrutura do parcelario tradicional, moi segmentada, e apoiadas en vías municipais que parten de Nerga, na matriz de cultivos do terzo occidental da unidade desenvóléronse vivendas unifamiliares illadas de tipoloxía diversa e non tradicional que presentan peche das parcelas e que, en xeral, non están vinculadas coas actividades rurais e tampouco presentan servizos e dotacións urbanas. Clareando as áreas forestais da vertente de ladeira figuran restos de antigas edificacións e unha explotación de vide significativa, concretamente na valgada do rego que desemboca na praia das Moscas, implantándose igualmente outras vivendas unifamiliares illadas con características similares ás anteriores. Así mesmo figura este tipo de crecemento no extremo nordeste como expansión espontánea do núcleo de Nerga.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A comunicación da unidade co resto do seu contexto realízase a través de vías municipais que partindo de vías do núcleo de Nerga descenden pola ladeira en sentido lonxitudinal. Estas vías municipais conectan dende Bouceiro, pasando por Ballotas e Santa Marta na seguinte unidade, directamente coa estrada autonómica PO-315.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade existen evidencias da súa ocupación prerromana cos depósitos arqueolóxicos do castro e salgadeira do castro da Igrexiña e o asentamento de monte da Granda. Figura ademais un petroglifo no ámbito próximo da piscifactoría denominado petroglifo de punta Corbeira.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A vertente litoral do monte de Outeiro Negro é o soporte base da paisaxe da unidade, pero os usos protagonistas da unidade orgánzanse ao redor do seu perfil plano occidental e á valgada do curso que desemboca na praia das Moscas e a esta mesma. Así, esta unidade das Airas destaca especialmente polo seu carácter produtivo primario e turístico residencial, cos recursos praieros incluídos e adxacente (praia de Barra) e a implantación da piscifactoría de rodaballo no ámbito da punta dos Patos, que se ve completada por algunha actividade agraria relevante como a explotación de vide da valgada do rego que desemboca na praia das Moscas.

DINÁMICA DA PAISAXE

En primeiro lugar produciuse un abandono das áreas de cultivo das áreas que non eran tan produtivas e foron sendo substituídas por masas forestais mixtas aínda que con predominio das especies de repoboación. Non obstante, a dinámica máis transcendental foi o aumento da presión residencial de carácter turístico coa implantación de vivendas unifamiliares illadas especialmente no perfil plano do terzo occidental, cun leve incremento dos camiños ou a súa sección para dar servizo ás devanditas vivendas. Por outra banda, no ámbito de punta dos Patos implantouse un uso produtivo acuícola.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Nesta unidade das Eiras aínda se poden observar mostras do aproveitamento agrario tradicional que se facía posible en perfís planos como o que figura no seu terzo occidental, así como as posibilidades reais produtivas máis contemporáneas que poden contribuír á economía local, como é a acuicultura. Ademais, o perfil costeiro de acantilados baixos e praias de peto achéganlle os valores máis naturais á unidade, formando parte do contexto litoral da costa das Rías Baixas, e así da correspondente zona de interese para a avifauna. Por outra parte perduran valores patrimoniais arqueolóxicos que evidencian a ocupación humana nesta unidade dende épocas prerromanas, algúns dos cales se asocia fortemente ao aproveitamento do litoral como o depósito asociado a unha salgadeira. A configuración do perfil topográfico da unidade, de pendente moderada e regular (case plano no extremo sueste) e de curvatura predominante cóncava, á que se engaden coberturas arbóreas na súa maior superficie, conforma unha paisaxe de ladeira con maiores posibilidades de visibilidade extrínseca, polo que a observación da unidade completa dende un único punto non é doada dende terra. Seleccionáronse dous puntos de observación: o primeiro na praia das Moscas, dende o que se pode acceder á panorámica do corredor que forma a valgada do rego que desemboca nela; e o segundo, xunto ao depósito do asentamento do monte da Granda. Esta segunda proposta recolle un punto de observación potencial debido a que na actualidade a cobertura arbórea circundante non permite o acceso á panorámica case completa da ladeira que constitúe a unidade, e de parte das Illas Cíes, a Enseada de Barra e, se a meteoroloxía o permite, a costa de Vigo. Recordar que dende o mirador de Cotorredondo, no Concello de Vilaboa obsérvase esta unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecemento residencial dende O Lavadoiro hacia a costa en dirección á praia de Nerga, desvinculado das funcións, e co obxectivo de integrar os baleiros como elementos xeneradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental do lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



